

**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional**

Modelo MD850RI01

Plan de Orientación Profesional (POP)

Curso: 2025- 2026

CIFP: A GRANXA

Índice

1	Introdución.....	3
2	Marco legal.....	3
3	Contextualización.....	3
4	Finalidade e función da orientación académica e profesional.....	3
5	Análise das necesidades.....	3
6	Ámbitos de intervención.....	3
7	Estratexias e recursos.....	4
8	Responsabilidades.....	4
9	Criterios e indicadores de avaliación.....	4
10	Carta de servizos.....	4

1 Introducción

O departamento de IOP elabora o Plan de Orientación Profesional (MD85ORI01), que forma parte do Proxecto funcional do centro integrado (MD81PLA01) e que incorpora o Plan de Acción Titorial (MD85ORI02).

Os obxectivos xerais do Plan de Orientación Profesional son:

- Favorecer e fomentar a adquisición de habilidades individuais para a xestión da carreira profesional.
- Facilitar o acceso de toda a cidadanía aos servizos de información e orientación.
- Desenvolver os servizos de información e orientación con garantía e calidade.
- Fomentar a coordinación e a cooperación dos diversos protagonistas na información e na orientación profesional a nivel estatal, autonómico e local.
- Prestar servizos de atención singularizada ás empresas, nomeadamente ás pequenas e medianas, así como ao persoal autónomo, en relación aos recursos que permitan mellorar o aproveitamento do seu capital humano e deseñar itinerarios formativos axustados ás súas necesidades.

2 Marco legal

- 1) RESOLUCIÓN do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2024/25.
- 2) ORDE do 8 de maio de 2025 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3) Orde do 28 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional, regulada con anterioridade polo Decreto 120/98.
- 4) Orde do 29 de xullo de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o Regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- 5) Decreto 266/2007, do 28 de decembro, polo que se regulan os centros integrados de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 6) Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia
- 7) Decreto 114/2010 do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- 8) Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- 9) Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

10) Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.

11) Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación, 2/2006, de 3 de maio.

12) Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.

3 Contextualización

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

O CIFP “A Granxa” caracterízase por ser un centro onde actualmente se imparten ensinanzas de formación profesional con grao básico, medios e superiores, nos réximes ordinario e de adultos, tanto presencial como a distancia, así como nos últimos anos a Formación Profesional Dual.

Contamos con ciclos formativos da familia de Agraria, da familia de Industrias Alimentarias e da familia de Seguridade e Medio Ambiente. Ademais, a oferta do centro, inclúe Accións Formativas para Desempregados (AFD), proceso de acreditación de competencias (ARA) e probas libres para a obtención de títulos de ciclos formativos.

Atopámonos, pois, cun centro altamente especializado, cun alumnado bastante homoxéneo en canto a expectativas educativas e laborais pero heteroxéneo en canto a procedencia, idade e intereses profesionais.

Con respecto aos intereses do alumnado, podemos dicir que a maioría ten claro que cando remate os estudos que está realizando quere incorporarse ao mundo laboral; o resto do alumnado manifesta interese por continuar estudos na formación regrada (ben en outros ciclos superiores ou ben na universidade).

En xeral podemos dicir que o perfil do alumnado do centro caracterízase por unha boa motivación polos estudos que están cursando, un nivel académico medio-baixo polo xeral, cunha mínima experiencia xa na toma de decisións e na auto orientación e con un alto interese en incorporarse ao mundo laboral.

4 Finalidade e función da orientación académica e profesional

Como se describe na MD81PLA11 Programación do departamento de información e orientación laboral, un dos ámbitos de traballo deste departamento consiste en facilitar a evolución académica do alumnado, informar das posibles saídas profesionais así como guialos no seu proceso de toma de decisións desde a orientación vocacional.

Segundo a Lei 3/2022 de ordenación e integración da FP, a información e orientación profesional na formación profesional do sistema educativo terá os seguintes fines:

a) A información e o asesoramento individualizados sobre a oferta de FP, axustadas ao perfil e oportunidades de emprego, que permitan a cualificación e recualificación desde a motivación e a identificación dos obxectivos persoais.

b) A información sobre os perfís das ocupacións, as tendencias na evolución do mercado de traballo, as posibilidades de acceso ao emprego e as oportunidades de

formación que teñas relación, co obxecto de facilitar a inserción e a reinserción, a mellora no emprego e a mobilidade laboral.

c) A adquisición de habilidades e competencias básicas para a toma de decisións, o percurso de itinerarios formativos e profesionais conducentes a novas aprendizaxes e oportunidades profesionais, e a participación activa na vida laboral e na sociedade nun contexto cambiante.

d) A ampliación das expectativas cara familias profesionais STEM das mozas, así como dos mozos cara ás familias profesionais feminizadas.

e) O acompañamento nos procesos de acreditación das competencias profesionais.

f) A difusión das oportunidades ofrecidas polo Sistema de FP para o desenvolvemento de empresas e entidades.

g) Información e formulación de propostas a medida ás empresas e entidades para acreditación de competencias profesionais e a mellora da formación continua do persoal traballador, como valor de competitividade empresarial.

h) Apoio ás economías locais, rexionais e estatais mediante desenvolvemento e adaptación das persoas traballadoras ás demandas económicas e ás circunstancias produtivas cambiantes, especial atención ás contornas rurais e zonas en declive demográfico.

5 Análise das necesidades

O departamento de información e orientación profesional basearase na avaliación das necesidades do centro para a elaboración da súa documentación, análise que irá encamiñada a:

- Analizar as necesidades de orientación académica e profesional do alumnado do centro.
- Atender á demanda de asesoramento, información e formación de toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias (no caso de alumnado menor de idade) e sociedade en xeral.
- Analizar a inserción laboral do alumnado do CIFP.
- Promover o interese do alumnado pola iniciativa empresarial, fomentando o espírito emprendedor, contemplado como unha posibilidade máis de inserción laboral co servizo do Viveiro de empresas.
- Mellorar a bolsa de emprego útil para a inserción laboral do alumnado DESDE A NOSA PÁXINA WEB.

O análise das necesidades realízase na valoración de todos os sectores da comunidade educativa (docentes, familias, alumnado), nas reunións co profesorado titor, co equipo directivo, tamén nas entrevistas e observacións co alumnado, así como na recollida de información e análise de documentación dos expedientes, outros.

6 Ámbitos de intervención

	Orientación académica	
Obxectivos	Liñas de actuación	
<ul style="list-style-type: none">• Posibilitar un bo coñecemento das opcións• académicas dos ciclos formativos que se	<ul style="list-style-type: none">• Sesións informativas ao alumnado de ciclo medio sobre o acceso a ciclos superiores e a outros	

imparten no noso centro.

- Informar sobre as convocatorias de exames
 - probas libres, Probas de Acceso á Universidade que teñan relevancia para o noso alumnado.
 - Informar sobre a oferta educativa, as condicións de acceso e as posibilidades formativas máis adaptadas ás circunstancias persoais.
 - Orientar ao alumnado cara as ensinanzas que mellor se adapten ás súas circunstancias.
 - Axudar na elaboración de itinerarios formativos, colectivos e individuais, para a toma de decisións.
 - Promover unha orientación académica sen estereotipos de xénero.
- Ciclos de grao medio.
 - Sesións informativas ao alumnado de ciclos superiores sobre o acceso á universidade e a outros ciclos de grao superior.
 - Manter actualizada a información presentada no centro (Aula Virtual orientación, taboleiros, ...).
 - Entrevistas individuais para a elaboración de itinerarios formativos individuais.
 - Organización de visitas guiadas ao noso centro dos institutos da contorna que o soliciten.
 - Información ás titorías de informacións específicas sobre convocatorias de bolsas e axudas, validacións de módulos, programas relacionados co ciclo ou de interese para o seu alumnado que teñan un prazo concreto de inscrición co fin de que o transmitan ao alumnado.

Información e/ou asesoramento

Obxectivos

- Informar sobre os ciclos formativos que impartimos no noso centro: características, requisitos, oportunidades, etcétera.
- Asesorar respecto aos seus requirimentos académicos e características persoais desexábeis.
- Informar e orientar aos usuarios e usuarias sobre oportunidades formativas e de acceso ao emprego ao longo da vida: ensinanzas regradas, formación para o emprego, cursos de perfeccionamento, reciclaxe ou especialización; proceso de recoñecemento, avaliación e acreditación de competencias profesionais, etc.

Liñas de actuación

- Sesións individuais e contestación de chamadas e de correos electrónicos.
- Sesións informativas grupais.
- Divulgación na páxina web, nas nosas Redes Sociais e na Aula Virtual de recursos e programas para a información e orientación profesional.
- Atención ás demandas de información sobre temática diversa (admisión, probas de acceso, probas libres, validacións, certificados de profesionalidade, accións formativas para o emprego, acceso á universidade, bolsas de estudos, bolsas de traballo, acreditación de competencias, carnés profesionais, oferta formativa, ordenación académica, etc), de xeito presencial e telemático.

Emprendemento

Obxectivos

- Coñecer mecanismos e axudas para a creación de empresas.
- Dar a coñecer ao alumnado experiencias profesionais do seu sector.
- Organizar actividades de emprendemento.

Liñas de actuación

- Coñecer os Viveiros de Empresas máis cercanos.
- Encontros do alumnado con emprendedoras e emprendedores dos perfís profesionais relacionados co mundo audiovisual.
- Organización de accións formativas para o emprendemento.
- Divulgación de programas, premios e accións de fomento do emprendemento.

Acreditación de competencias Profesionais

Obxectivos

- Difundir información sobre o proceso entre as empresas próximas a nós (que colaboran na nosa FCT, que nos informan de ofertas de emprego, ...)
- Informar e asesorar a calquera persoa que se achegue dalgún xeito ao noso centro.
- Informar e asesorar ás persoas candidatas ao procedemento de avaliación, recoñecemento e acreditación da competencia profesional na fase inicial en colaboración co Departamento de

Liñas de actuación

- Difundir o folleto con información básica.
- Contestar correos, sesións individuais, información en prensa.
- Elaboración dos plans de formación específicos e divulgación aos membros das comisións avaliadoras para o envío aos participantes no proceso.
- Asesoramento individualizado cando se demande, no deseño do itinerario formativo unha vez

Acreditación e probas.

finalizada a acreditación.

Atención á diversidade

Obxectivos

- Potenciar a inserción laboral do colectivo de persoas con necesidades especiais, colaborando a eliminar as posibles barreiras que existan para a súa contratación.
- Deseñar e poñer en práctica medidas de detección do alumnado con NEAE.
- Colaborar na aplicación do noso Plan de Atención á Diversidade.
- Facilitar a coordinación entre os diferentes axentes educativos na atención do alumnado: titoría, equipo docente, familias, servizos externos.

Liñas de actuación

- Facer un seguimento especial da inserción laboral do alumnado con NEAE que pase polo noso centro.
- Recopilar, en colaboración co departamento de FOL, as axudas para a contratación que existen na nosa normativa laboral e difundilas entre o empresariado.
- O establecido no Plan de Atención á Diversidade do CIFP A Granxa

Coordinacións con organismos e entidades para a prestación de servizos de orientación profesional

Obxectivos

- Coñecer as actividades doutras entidades (Concello, ONG, Servizo Público de Emprego, ...).
- Coordinar actividades con eles cando sexa posible.
- Dar a coñecer ao alumnado os recursos de orientación profesional da contorna.

Liñas de actuación

- Contactar co servizo de Xuventude e Laboral dos concellos da contorna.
- Servizo Público de Emprego a fin de realizar sesións informativas ou xornadas.
- Divulgar recursos e servizos de orientación profesional entre o alumnado, por medios do Aula Virtual ou Redes Sociais.

Formación de profesionais da orientación profesional

Obxectivos

- Difundir entre os membros do Departamento as actividades vinculadas coa orientación profesional que xurdan ao longo do ano, así como facilitar a asistencia cando sexa posible.
- Actualizar as ferramentas para a labor orientadora.

Liñas de actuación

- Nas xuntanzas periódicas o xefe do departamento informará das actividades das que teña coñecemento.
- Análise de necesidades formativas do DIOP, a través da recollida de necesidades formativas no inicio de cada curso.
- Participación dos membros do DIOP en accións formativas que permitan unha actualización profesional.
- Intercambio de documentos e experiencias coas orientadoras e orientadores dos CIFP de Galicia.

7 Estratexias e recursos

Na páxina 9 do procedemento PR85ORI, Información e Orientación Profesional, queda establecida unha Táboa do desenvolvemento da intervención do departamento; especificáanse as reunións para cada actividade que corresponde ás funcións propias, tamén recolle quen son as persoas responsábeis, os recursos materiais e onde se rexistra a nosa actividade.

É a estratexia planificada. So resta aludir a outros recursos que se utilizan para mellorar a difusión do noso traballo de cara á comunidade educativa:

- Actualización da aula virtual do Departamento de Orientación e na WEB.
 - Publicación nas redes sociais de asuntos relevantes para cada momento da orientación.
 - Atención directa no departamento do Centro.
- RECURSOS EMPREGADOS

1. Proxecto funcional do centro e o Plan anual (segundo o Decreto 266/2007 do 28 de decembro) é o instrumento fundamental na organización e planificación dos centros integrados de formación profesional. Tamén o Plan de Área de Calidade, Innovación e orientación, no que se integra o DIOP.
 2. Probas psicopedagóxicas diversas, cuestionarios de personalidade, cuestionarios profesionais, enquisas etc.
 3. Material de apoio para o desenvolvemento da titoría presencial co alumnado.
 4. Normativa legal vixente dentro do campo da titoría e a orientación.
 5. Bibliografía sobre avaliación, formación profesional, orientación laboral etc...
 6. Guía de recursos educativos municipais e autonómicos.
 7. Medios audiovisuais, vídeos profesionais etc.
 8. Folletos informativos sobre estudos profesionais etc.
 9. Escalas de observación, entrevistas e cuestionarios...
- TÉCNICAS METODOLÓXICAS
1. Reunións entre profesorado-titores-orientadora de xeito individual ou colectivo (por departamento, reunións de coordinadores, reunión de titores ,etc)
 2. Reunións coas familias, alumnado etc.
 3. Entrevistas co profesorado, equipo directivo, persoas ou institucións do contorno educativo, cultural, laboral etc.
 4. Técnicas grupais: Charlas, seminarios, grupos de traballo, etc.
 5. Actividades de formación, tanto necesidades de formación do DIOP como impartidas pola X do DIOP.

8 Responsabilidades

- Seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado, especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Actualización da sección do Departamento de Orientación na web do centro e da aula virtual do departamento
- Atención das demandas de formación / información do noso alumnado e do ex-alumnado así requiridas.

9 Criterios e indicadores de avaliación

Establécense criterios e indicadores de avaliación do Plan de Orientación Profesional, precisando a avaliación desde a perspectiva da persoa usuaria, da súa satisfacción, da calidade da orientación recibida, etc.

10 Carta de servizos

Os servizos do Plan de orientación profesional son:

- Xestión de ofertas de emprego que chega ao CIFP, formando parte o ex-alumnado e que reciba as ofertas axeitadas ao seu perfil.
- Asesoramento na programación de charlas, conferencias, e obradoiros de temas de crecemento e adestramento nas habilidades para iniciar un proxecto de vida.
- Colaboración e asesoramento para seguimento das titorías, especialmente en Formación Profesional GB.
- Divulgación de ofertas de bolsas e subvencións para o alumnado. Axuda para realizar os trámites.
- Información sobre as diferentes vías de continuar os estudos: formación profesional, acceso a estudos universitarios, probas de acceso ós ciclos formativos, secundaria e bacharelato para adultos..
- Información sobre os aspectos máis relevantes para a incorporación ao mundo laboral/ preparación para a busca de emprego (traballase sobre modelos de entrevistas, elaboración de currículos, toma de decisións, etc).
- Asesoramento sobre planificación e organización do estudo para aprender a aprender como competencia ao longo da vida.
- No proceso de acreditación de competencias profesionais se realizará recollida de demandas de información sobre a acreditación de competencias e as fase do proceso, ademais da necesaria colaboración coa asesora do proceso. Facilitarase información a toda persoa interesada neste proceso. Unha vez comezado o mesmo, se realizará un plan de formación para as persoas candidatas que non superen o proceso.